

## ENTREVISTA A NINA

27.04.23 na súa casa de Santa Icíá, Ferrol.

**Nina: María Benigna Cores Díaz, filla de Benigna (Binucha) Díaz Corral e de José Manuel Cores Martínez.**

Pola Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática:

Manuel Fernández Pita, Enrique Barrera e Fernando Ocampo.



**Nina:**

O meu avó Rudesindo Díaz Beceiro naceu en Narón en 1897 e alí morreu, na súa casa de Cornido, con 55 anos, o día de Santiago de 1952.

A súa muller Benigna Corral Yáñez nacera no Porto do Cabo (Valdoviño) en 1904 e faleceu nova, de súpeto, en 1939.

Está enterrada no Couto.

O meu avó non quixo, para el, que o enterrasen con cura. Xa o tiña disposto e entón o único cemiterio con espazo de disidentes era o de Catabois e puxérono alí na terra. Eu ía coa miña nai a arranxar a sepultura e o meu tío Sindo, na cabeceira, plantoulle unha roseira preciosa, que o meu pai coidaba e chamaba a atención.

A miña avoa era unha muller moi traballadora, que cultivaba unha pequena horta e ía desde O Couto, con todas as mulleres de alí, atravesando polo Cadaval, pola estrada de Castela, cunha cesta grande cargada de verduras, pementos, legumes, ao mercado da Magdalena de Ferrol.

Esta horta axudoulles moito cando tiñan tantos escapados na casa, porque así non había que mercar. Alí había patacas, legumes, cocían pan...

O pan tamén, ás veces, o compraban e puñan coidado de non facelo todo no mesmo sitio, para non levantar sospeitas, que non dixesen: “*pero, na casa de Rudesindo, como compran tanto pan se só son catro?*” E como tiñan dous fillos<sup>1</sup>, un ía a por un bolo grande ao Alto do Castiñeiro e a outra traíao de Piñeiros ou de Neda...

Tiñan que disimulalo todo. Lavaba nun pío que estaba fóra e tendía a roupa dentro, para que non se vise.

Era unha casa de planta baixa cunhas adegas onde traballaban e nelas, nun zulo ben camuflado, refuxiábase a xente que protexían.



O meu avó (carpinteiro de ribeira en Bazán) era “un *manitas*” coas cousas de carpintaría e o meu tío Sindito era torneiro, traballaba na Feya desde os 14 anos. Eu lembro moitas cousas de madeira, feitas por eles: figuras, temóns... Como brillaban aquelas ferramentas! Pois cando foi o de Sindito, desapareceu todo, espoliárono todo, roubárono... Alí non quedou nada.

---

<sup>1</sup> **Benigna** (Binucha) e **Rudesindo** (Sindito) **Díaz Corral**, nados respectivamente en 1924 e 1926.

Encantáballes tocar o acordeón. Tiñan cada un o seu e daquela non había verbenas como agora e ían á súa casa e dicíanlle: “*ven o sábado ao bar de tal... para que bailen unhas pezas as rapazas e rapaces...*” e alá ía Rudesindo tocar. Pois mira ti que dano lles farían os acordeóns que os cortaron todos cun coitelo....

Foi pola rabecha de que se lles escapase Pancho<sup>2</sup>. Estaba toda a casa esnaquizada e levaron todo... Ao meu tío xa o mataron alí na cuneta.

A miña nai despois daquilo xa non quedou ben. Quedoulle como un tic nervioso, sobre todo cando se preocupaba ou se desgustaba.

Tiña 14 anos cando lle morreu a súa nai e afectoulle moitísimo.



Rudesindo pai e o seu fillo Sindito

Da súa avoa non ten ningunha foto, do seu avó só a que está publicada en *Retallos da memoria* que é de moi pouca calidade e de Sindito, só unha, que está sentado na herba á beira dunha moza e outra xente, nunha romaría... Non sabe se no Lodairo ou na Saleta... por aí.

---

<sup>2</sup> **Francisco Martínez Leira “Pancho”**, (Ombre, Pontedeume 1916 – 1954) traballador da Construtora e militante comunista, incorporouse á guerrilla antifranquista en 1948. En numerosas ocasións agachábase na casa da familia Díaz Corral, onde foi descuberto pola Garda Civil o 19 de novembro de 1954. Logrou fuxir ferido, pero mataron a Sindito na súa propia casa e Pancho caeu nunha emboscada o 31 de decembro seguinte.

Aos meus avós sempre lles interesou que os seus fillos, dentro das súas posibilidades, tivesen coñecementos, lesen, aprendesen... e mandábana á clase dunhas irmás solteiras, fillas dun médico, alí en Xuvia, e como de Cornido non ía ninguén, o meu avó pagáballe a escola a outra nena para que fosen xuntas. Ían pola Picota, atravesaban pola ponte do tren a Neda e de alí a Xuvia, que debía ser máis preto que dar a volta polo Ponto. Aprendían matemáticas, lingua e literatura, ortografía - que sabía escribir moi ben - pintura... todos estes cadros que teño pola casa e na casa da miña filla, pintounos a miña nai. A ela xa lle gustaba desde pequena, ía a acuarela.

Logo, ao morrer a súa nai, acabouse todo iso, rematou a escola e a pintura... porque tivo que dedicarse a atender a casa.

O meu avó xa non quixo que fose coa cesta á praza e ela dedicouse a coser, que sabía facelo moi ben, e tamén ía coas mulleres a Ferrol, a levarlles a comida. Aínda non había comedores en Bazán e os homes comían no Cantón ou nos portais. Aínda teño algunha foto súa de moza, de 15 ou 17 anos, co cesto da comida para o seu pai e o seu irmán.

Ela dicía que o pasaba moi ben... Apuraba para cociñar, deixaba todo recollido e camiñaba con aquelas mulleres a Ferrol. Pero cambioulle a vida.

A miña nai sempre foi unha persoa moi lista. A min inculcoume que aprendese, que me labrase un porvir na vida, que fose traballadora, estudosa... Ela sempre leu... Tiña preto dos 90 e viu, na televisión, que saía un libro dunha tertuliana moi coñecida, relacionado coa Guerra Civil e lía e dicíame: *“todo isto que conta aquí, vivino eu”*.

Casárase nova, con 21 anos, en 1946. O meu pai chamábase José Manuel Cores Martínez, naceu en 1923 e traballaba en Bazán como delineante e a súa familia era de Ombre (Pontedeume) igual que Pancho, de quen era primo 2º ou 3º, aínda que non tiñan relación.

Enseguida nacín eu. E xa viñeron a vivir a Ferrol, primeiro no Cabalo Branco uns meses e logo detrás das Mercedarias, entrando no Bertón, no que hoxe é a rúa Venezuela, nunha casiña de planta baixa, con horta, propiedade do Sr. Quintela, o do estanco de Faxardo, que era o noso arrendador. Aí estivo moitos anos e logo cando edificaron no soar desa casa e da contigua, pasou a vivir a un dos pisos, onde en 2017 faleceu con 92 anos, ía cumprir 93.

Eu tiña 8 anos cando mataron a Sindito. Era o 19 de novembro de 1954, estabamos na nosa casa de Faxardo e recordo que moi cedo deron uns golpes tremendos na porta, gritando: *“Abran!!”*. O meu pai púxose algo por encima, abriu e era a Garda Civil. A miña nai levantouse tamén e díxome: *“non teñas medo, non pasa nada”* e seguín deitada. Entraron 5 ou 6 gardas con dous cans enormes e empezaron a abrir todos os armarios e caixóns, ata




os do meu dormitorio e eu preguntei: *“Mamá, que buscan?”* E ela dixo: *“deben de estar a buscar un señor”*, e contestei eu: *“non creo eu que un señor estea dentro dos caixóns da miña coqueta”* e ata un garda riu da miña resposta.

A miña nai, cando xa lle dixeron que o seu irmán acababa de morrer sentou na mesa da cociña tan nerviosa, tremendo, que parecía que tiña o baile de San Vito. Veu a miña tía Mercedes e os meus avós paternos, que vivían alí en San Xoán e leváronme con eles á súa casa, porque aos meus pais xa os prenderon. Estiveron 17 días no cárcere. Á miña nai non a trataron mal - dicía ela - non lle pegaron. Alí coincidiron coa muller de Pancho e con máis familiares del.

Á muller de Pancho si que lle daban... Axudábanlle as outras mulleres a curar as feridas. Desterrábana e dábanlle moitas malleiras... A consecuencia dunha delas produciúselle un aborto. Tivo fillos estando el escapado, porque pasaba días na casa, con ela.

Eu creo que, en parte, Pancho se deixou pillar, porque lle facían a vida imposible, sobre todo, á familia. Saíu da casa de Sindo ferido, pero non grave, atravesou á outra banda pola ponte do tren e escondeuse, pero ao mes seguinte matárono tamén.



Ensínanos unha foto familiar dos seus pais con ela e di que foi feita antes da morte de Sindo. Que á súa nai ese sorriso da foto cortóuselle logo para sempre e estivo anos vestida de negro.

O meu pai tiña, cando isto, 31 anos... era moreno, como agora é o meu fillo, o pelo negro ondulado, e cando saíu do cárcere despois dos 17 días que estivo, eu non o coñecía, saíu co pelo cano, parecía un avó e xa quedou así para sempre.

Estiveron os dous presos en celas diferentes. Primeiro leváronos a un cuartel, creo que en Fene, e alí ao meu pai xa lle sacudiron; á miña nai non, dicía que a ela non.

Eu funa visitar... Leváronme os meus avós... Onde hoxe está o cuartel da Policía en Ferrol, na avenida de Vigo, que era entón o cárcere civil. Había un cristal, un corredor e outro cristal e a miña nai detrás coas mans apoiadas nel e eu dicíalle: *“Mamá, como estás?”* E ela: *“Ola Mariña, Mariña... Ben... Estou ben...”*

Ao meu pai ía ir velo pero xa o soltaron, porque as mulleres visitábanse os xoves e os homes os luns e nese intermedio xa saíron os dous.

Pero ela quedou cun tic nervioso para toda a vida. De maior notábaselle menos, pero cando tiña un desgusto ou algún problema movía moito a cabeza... Foi terrible.

Ao meu pai castigárono 6 meses sen soldo. Menos mal que tiñamos a horta e non nos faltou para comer, pero outras cousas si... para compralas había que esperar. A miña nai cosía moi ben e facíanos roupiña a min e ás miñas amigas. Eu non percibín esa falta de diñeiro, pero seis meses sen soldo nótanse. A miña nai intercambiaba cousas da horta co dono do merendeiro de Faxardo: hortalizas ou patacas por aceite, azucre ou outras cousas...

Cando mataron a Sindito xa non estaba no Couto o cura Cazón<sup>3</sup> e o párroco mandou enterralo nunha esquina do cemiterio. Pouco despois Manolito<sup>4</sup>, o practicante do Couto, que eran moi amigos, fixo valer a súa influencia co cura e conseguiu trasladalo ao seu panteón familiar. Alí continúa e alí ía eu coa miña nai a poñerlle flores.

A miña nai decidiu deixalo alí porque Manolito se portou moi ben, sacándoo da fosa onde o meteran e poñéndoo no seu nicho - porque os meus pais estaban no cárcere e non puideron ocuparse de nada - e el encargouse de todo e seguro que Sindito estaría contento xunto ao seu amigo Manolito, alí tamén enterrado.

---

<sup>3</sup> **José Cazón Ferreiro** (1886-1966), natural de Vilalba, foi párroco de San Martiño do Couto entre 1906 e 1950, sendo logo cóengo da catedral de Palencia, onde era bispo o naronés José Souto Vizoso.

<sup>4</sup> **Manuel Lamas Díaz** (O Couto, Narón 1926 - 2016) practicante, era da mesma idade de Sindo e moi amigos. Faleceu aos 90 anos o 21.10.2016 e está tamén enterrado no mesmo panteón.



Cemiterio do Couto. Ao fondo no panteón máis alto está Sindo.

Cando morreu o meu pai compramos unha fila de nichos en Catabois e alí está o meu avó Rudesindo, o meu pai, a miña nai e o meu marido. A lápida ten o nome Villasuso Cores.

**Pregunta:** Ademais de Pancho e o pai de Siro<sup>5</sup>, sabe a que outras persoas axudaron ou estiveron alí, na casa de Cornido, escondidas?

**Nina:** Estiveron ata 6 persoas nalgún momento. Eu sei o que me contaba a miña nai e creo que nin ela mesma sabía exactamente os que estaban, porque o meu avó tampouco quería implicala moito. O meu avó estivo detido, un día ou dous; debeu de haber un aviso de que na casa de Rudesindo había máis xente da habitual e viñérono buscar para levalo ao cuartel de Xuvia. El era rubio, como a miña nai e como Sindito e cando ían andando, por Piñeiros, dixeron: “*Aquí vén este roxo*” e el respondeu: “*eu son roxo de pelo e de corazón*” e custoulle un golpe co mosquetón.

-Coméntase un incidente dun escondido na casa, Moncho da guerrilla, que disparou unha noite a pistola na ribeira e a Garda Civil que viña pola ponte do tren percibiuno e viu onde se metía, o que orixinou esa detención de Rudesindo. (Está todo relatado en *Retallos da Memoria-I*).

---

<sup>5</sup> Siro López Lorenzo (Ferrol 1943), humorista gráfico, caricaturista e colaborador de prensa. Os seus pais e irmáns protexéronse na casa de Rudesindo, en 1936, Meses despois o pai, Juan José López Bouza, albanel afiliado a UXT, foi detido e condenado a cadena perpetua, permanecendo varios anos en prisión.

**Nina:** O meu avó, que era da CNT, coñeceu a Pancho en Bazán, onde traballaban.

Cando Pancho se botou ao monte, o meu avó protexeuno. Ao principio paraba na súa casa algunha noite e logo ten pasado longas tempadas. O meu avó morreu de tuberculose e os últimos tempos Pancho estaba alí cuidándoo.

Nós iamos todas as tardes e el estaba na cama e dicíalle á miña nai: *“non deixes entrar aquí a pequena”*, por medo a contaxiarme e eu quedábame na porta e el, que era tan mañoso, fixérame unha cadeira de madeira preciosa e sentábame alí e líalle, cousa que lle encantaba.



Francisco Martínez Leira “Pancho”

Logo, ao final da enfermidade, a miña nai quedou alí a durmir moitas noites e coincidía con Pancho. Ela sabíao todo, pero eu nunca vin alí a ninguén, fóra dos veciños.

Sindito tiña pleuresía e pasaba tempadas na nosa casa de Ferrol. A miña nai enfadábase porque non se cuidaba nada. No período entre a morte do meu avó, en xullo de 1952 e a do meu tío Sindito, en novembro de 1954, Pancho estaba case todo o tempo alí. Ía de cando en vez á súa casa a Mugardos, pero vivía alí.

-Comentamos de como Rudesindo avó, en 1939, axudou co seu bote a pasar xente de Narón a Ferrol que fuxiu nos vapores Teresita e Carmiña e tamén, á outra banda, a algúns que se foron no Bou Ramón desde Ares. Ás veces coa familia de Rogelio Leal...

Uns e outros lograron chegar a Francia.

Nina disto non sabe, pero di que *“debeu axudar a moita xente”*.

Non coñeceu a Rogelio Leal, veciño dos avós, pero tenlle oído falar á súa nai.

Ela tamén lle explicaba que esa xente escondida nunca permanecía moito tempo na mesma casa - para evitar sospeitas dos delatores-. Íanse cambiando e por tempadas a casa quedaba sen ningún. Había unha casa en Ferrol Vello, outra en Anca (Neda), en Fene había varias...



Eles tiñan un zulo baixo a adega onde traballaban, cunha trapela ben disimulada e se viña xente ou había perigo, esa xente metíase alí.

Como eran moi mañosos, á casa viñan moitos veciños para que lles arranxasen ferramentas, selas, cousas...

Cando traballaban nesa adega, pai e fillo, tiñan a radio moi alta (a carcasa fixéraa Sindito) para amortecer os ruídos, as conversacións...



-Pita refire a conversación cos actuais propietarios da casa de Cornido que lle contaron que ao comprala encheron un grande espazo oco baixo a escaleira exterior de subida ao faiado. Podería ser outro zulo, ademais do da adega que parece que foi enchido polo propio Rudesindo cando despois da guerra ía diminuindo o número dos escondidos. Tíñaos, xa despois, no faiado.

Di Nina que, ás veces, cando vían vir a Garda Civil, os refuxiados escondíanse, tapados con lonas, nun galpón que había no fondal da horta, pegado á ribeira, onde gardaban botes e efectos de ir pescar ou mariscar naquela ría, entón, tan rica e tan limpa.

Ese día estaban alí máis de 20 gardas civís e tras fuxir Pancho e matar a Sindo, deixaron a casa esnaquizada, romperon cristais, levantaron tellas, levaron cousas...

A súa nai vendeulla á súa curmá Josefa, que a arranxou e viviu alí moitos anos. Visitábana moito e ían pasar xuntos moitas festas. Ao falecer Josefa, os seus fillos vendéronlla aos propietarios actuais.

Número 147

REGISTRO CIVIL DE Vareu

Rudesindo  
Díaz Corral

Se inscribe la DEFUNCION de D. Rudesindo  
Díaz Corral, natural de Vareu,  
nacido el días y  
veinte de marzo de mil novecientos  
veintiseis, domiciliado en San Mar-  
tin de Jubia  
profesión obrero, hijo de Rudesindo  
Díaz Becerra y de Benigna  
Corral Yébenes, de estado soltero.

Falleció en Cerrido - Jubia  
el día diecinueve de Noviembre  
de mil novecientos cinuenta y cuatro  
a las once horas veinte minutos, a conse-  
cuencia de Hemorragia interna por  
fractura de la base del cráneo  
y su cadáver habrá de recibir sepultura en el cementerio de San  
Martin de Jubia  
Se practica el asiento en virtud de diligencias  
instruidas al efecto

que quedan archivados en el legajo correspondiente.  
TESTIGOS del mismo: Don Teodoro Grandal  
Pérez, domiciliado en la parroquia de  
Pedrosa, número ...  
de estado soltero, y Don Santiago Ba-  
monde Carro, domiciliado en la Puerta de  
Jubia, número ...  
de estado soltero, ambos mayores de edad.

AUTORIZAN la inscripción: el Juez D. José Antonio  
Díaz Becerra y Secretario  
Don Mamuel Brea Rey  
y se efectúa siendo las quince horas  
del día diecinueve de Noviembre  
de mil novecientos cinuenta y cuatro  
Y leído el asiento se sella con el del Juzgado, y lo firma el señor  
Juez con los testigos. **MINISTERIO DE JUSTICIA**  
y el Secretario, que **CERTIFICO**.

Certificación Gratuita  
(Ley 25/1988, de 21-12)

1944026 / 06

José Díaz



Partida de defunción de Rudesindo Díaz Corral

Cóntanos tamén:

A familia do meu avó non sabía nada do que facían. Alí vivían as súas irmás, un pouco máis arriba Andrea e Socorro e, en Piñeiros, Asunción. A miña nai levábame moito ás súas casas e o de Sindito foi para elas unha sorpresa enorme, levaban as mans á cabeza, non entendían como puido ser...


Á miña nai nomeárona Muller do Ano de Narón en 2011, nunha cea en Casa Becerra, acompañada da súa familia e cando ela o lembraba e miraba a foto dese día, dicía: “Todo isto pensando en Sindito”, era o seu único irmán e foi tremendo, porque a miña nai o de esconder aqueles homes na casa tíñao normalizado. O meu avó fíxoo de sempre, ela criouse niso. Alí viña xente e a miña avoa traballaba no seu e ela facía a súa vida normalmente. Pero o de Sindito foi tremendo... como o mataron alí... Ademais Pancho estaba nas últimas como quen di, apenas tiña xa apoios e preparaba todo para marchar ao estranxeiro e levar con el a súa familia.







San Martiño do Couto (1973)



Asociación Cultural

**MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA**  
<<O pobo que non coñece a súa historia, está condenado a repetila>>

